

BASES REGULADORAS DOS “CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026” DENTRO DO PROGRAMA “AS NEVES CONCILIA “

1. OBXETO

O obxecto destas bases é regular a participación no Campamento de Verán 2026 “As Neves Concilia”, promovido polo Concello das Neves ao abeiro do Programa do Plan Corresponsables (SI436A), co fin de favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias con menores a cargo, desde unha perspectiva de igualdade entre mulleres e homes e corresponsabilidade nos coidados.

O programa desenvólvese conforme aos principios establecidos na Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen *As Bases Reguladoras Das Subvencións Do Plan Corresponsables En Galicia Dirixido A Entidades Locais*. (procedemento SI436A)

2. FINALIDADE E CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE

O campamento terá como finalidade:

- Facilitar a conciliación das familias durante o período non lectivo de verán.
- Promover actividades educativas, culturais, deportivas e de lecer con perspectiva de xénero.
- Fomentar valores de igualdade, respecto á diversidade, solidariedade e corresponsabilidade.
- Garantir espazos seguros e inclusivos para a infancia.

As actividades desenvolveranse respectando os dereitos da infancia e incorporando a perspectiva de xénero, conforme ao disposto no artigo 7 da convocatoria SI436A.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar no programa:

Menores empadroados/as no Concello Das Neves de 3 a 12 anos (cumpridos no momento de iniciar a actividade).

Por motivos de conciliación poderanse aceptar irmáns de participantes que superen a idade máxima para unha mellor organización do tempo das familias e segundo previo informe favorable dos Servizos Sociais.



Excepcionalmente, poderán admitirse menores doutros concellos no caso de existiren prazas vacantes.

Tamén poderán participar menores de ata 16 anos con discapacidade ou diversidade funcional, sempre que as súas necesidades específicas poidan ser atendidas adecuadamente.

4. NÚMERO DE PRAZAS

Necesítase un mínimo de 10 crianzas en cada quenda (quendas establecidas no artigo 8 destas bases) para levar a cabo a actividade Campamentos de Verán dentro do programa AS NEVES CONCILIA. O número máximo de participantes por quenda será de 80 nenos/as.

5. LUGAR DE REALIZACIÓN

Realizarase en diferentes instalacións municipais do Concello Das Neves.

6. SOLICITUDES E CRITERIOS DE ADMISIÓN

6.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección de participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais da Sede Electrónica, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

6.2.- INSCRICIÓN

6.2.1.-DOCUMENTACIÓN. As familias interesadas deberán presentar por a sede electrónica do Concello ou na oficina de rexistro dos servizos sociais, as instancias de solicitude segundo modelos do Anexo I Anexo II e Anexo III, xunto coa seguinte documentación:

- DNI do pai/nai/titor/a
- DNI da/o menor ou libro de familia
- Tarxeta Sanitaria da/o menor
- De ser o caso, título de familia numerosa ou certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental, ou calquera outro documento que acredite unha das condicións bonificables indicadas no a artigo 10, destas Bases ou a preferencia indicada no artigo 6.2.3 das mesmas



- Xustificante de ter realizado o abono do prezo público (segundo artigo 10 destas bases) na conta do Concello das Neves: **ES45 2080 5434 0731 1010 0021**.

6.2.2.- PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA: A partir do día seguinte da publicación deste decreto ata o día 15 de xuño, ámbolos dous días incluídos.

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse no caso de non cubrir as prazas ofertadas ou en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxecto de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

6.2.3.- CRITERIOS DE ADMISIÓN. Darase prioridade no acceso a aquelas familias con menor renda, tendo como referencia o importe do IPREM vixente no presente exercicio.

Terase en conta, pola seguinte orde:

Será un criterio preferente o nivel de renda per cápita familiar, dando prioridade as familias con menos ingresos.

En caso de empate, terán preferencia determinados colectivos:

1. familias monoparentais,
2. vítimas de violencia de xénero,
3. persoas con discapacidade,
4. persoas en risco de exclusión social,
5. persoas solicitantes de asilo ou refuxiadas,
6. familias con outras cargas de coidados.


No caso de darse a mesma puntuación entre dúas solicitudes, a praza adxudicarase por rigoroso orden de inscrición.

6.2.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN. Antes do 30 de xuño de 2026 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais da Sede Electrónica, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.



7. OBRIGAS DAS FAMILIAS PARTICIPANTES

As familias comprométense a:

- Respectar os horarios do servizo.
- Comunicar incidencias médicas ou necesidades específicas.
- Facilitar teléfonos de contacto actualizados.
- Respectar as normas de convivencia.
-  Autorizar a participación nas actividades programadas.

8. TEMPORALIZACIÓN: CALENDARIO E HORARIO

O campamento de verán 2026 dentro do programa AS NEVES CONCILIA desenvolverase nas seguintes quendas:

PRIMEIRA QUENDA: do 1 ao 15 de xullo

SEGUNDA QUENDA: do 16 ao 31 de xullo.

TERCEIRA QUENDA: do 3 ao 14 de agosto.

CUARTA QUENDA: do 17 ao 28 de agosto.

O horario de apertura será de luns a venres de **9.00 a 14:00 horas, excepto o 29 de xullo e o 5 de agosto que non se realizará a actividade por ser días festivos**. Haberá a posibilidade de **aula matinal** de 8.00 a 9.00 e **saída tardía** as 15:00 horas, sempre que se xustifique a necesidade deste servizo e haxa un grupo mínimo de nenos/as que o soliciten. Establecerase un control e rexistro de entrada e saída das/os menores: un/ha monitor/a será o/a encargado/a de recibilos e despedilos no punto designado do campamento, así como de tomar constancia da súa asistencia.



9. PUBLICIDADE E FINANCIAMENTO

No Taboleiro de Edictos Municipais da Sede Electrónica, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

Esta actuación está financiada pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Igualdade no marco do Plan Corresponsables.

En toda a documentación e publicidade incluíranse os logotipos institucionais correspondentes.

10. PREZO PÚBLICO

O prezo público para participar en CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA, segundo a ordenanza fiscal vixente, *APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE DO CAMPAMENTO DE VERÁN ORGANIZADO POLO CONCELLO AS NEVES* Publicada no número 103 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 2 de xuño de 2021, será de **20,00 €** por menor e mes completo de asistencia ao campamento, aqueles participantes que asistan tan só a unha quenda terán que abonar a parte proporcional de **10,00 €**.

Non se devolverá ningún importe das inscricións realizadas salvo causa de forza maior relacionada co neno/a participante debidamente xustificado.

Aquelas familias que fagan uso de CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA como medida de intervención, con informe técnico debidamente cumprimentado e xustificado dos Servizos Sociais do Concello Das Neves, terán unha bonificación do 100%.

Así mesmo, aquelas familias que o acrediten, mediante o título de familia numerosa ou o certificado de acreditación de familia monoparental, obterán unha bonificación do 50%.



11. PERSOAL

- Equipo técnico dos Servizos Sociais do Concello Das Neves.
- Persoa coordinadora da empresa contratada.
- Equipo de monitoras e/ou monitores, un deles con funcións de coordinación.

O equipo de monitoras e monitores encargado do desenvolvemento do campamento establécese seguindo a ratio dunha persoa monitora por cada grupo de **10** menores.

O persoal encargado da execución do campamento posúe os requisitos de titulación e formación requiridos, debendo ter acreditado formación suficiente en materia de xénero e igualdade para contribuír, no desenvolvemento do seu labor, á ruptura de roles e estereotipos asignados en función do sexo, comprometéndose a cumprir o deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou información dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo comprométense a participar nas reunións informativas que terán lugar con anterioridade ao inicio da actividade en cada un dos centros educativos, dirixida ás nais e pais das e dos menores, e ás reunións de seguimento que se proponhan, de considerarse necesarias durante o transcurso do mesmo.

12. RECURSOS MATERIAIS

A empresa achegará os recursos materiais necesarios para a execución das actividades propostas. Contarase con: plastilina, globos, cartolinas, lapis, folios, rotuladores, ceras, pinturas, témperas, pegamentos, material deportivo, material de lectura, material audiovisual, material de xogos, material reciclado...





A persoa designada como responsable contará cun teléfono móbil que se lle facilitará aos responsables dos/as menores, para contactar co persoal do campamento, ante calquera imprevisto de urxencia que puidera xurdir.

Ademais contarase cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra ás nenas e nenos participantes con vixencia durante toda a execución do campamento.

O ALCALDE-PRESIDENTE

JOSE MANUEL ALFONSO GONZÁLEZ

(documento asinado dixitalmente na marxe)



ANEXO I – SOLICITUDE DE PRAZA EN CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA

Datos da persoa solicitante:

NOME E APELIDOS	
NIF	
DATA NACEMENTO	
ESTADO CIVIL	
SEXO	

Nº MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	
Nº MEMBROS CON DISCAPACIDADE	
FAMILIA MONOPARENTAL? SI/NON	
FAMILIA NUMEROSA? SI/NON	
TEN PROBLEMA DE CONCILIACIÓN? SI/NON	

DIRECCIÓN	
PARROQUIA	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
TELÉFONO/S	
CORREO @:	

Datos da persoa menor participante:

NOME E APELIDOS	
DNI / NIF / NIE	
DATA NACEMENTO	
PARENTESCO	
IDADE	
NECESIDADES ESPECIAIS	



Quendas e servizos solicitados:

Márquese a lo menos unha das quendas.

- 1ª Do 1 de xullo ao 15 de xullo
- 2ª Do 16 de xullo ao 31 de xullo
- 3ª Do 3 de agosto ao 14 de agosto
- 4ª Do 17 de agosto ao 28 de agosto

Marque os servizos solicitados.

- 1ª Aula matinal (entrada de 8:00 h a 9:00 h)
- 2ª Saída tardía (saída de 14:00 a 15:00 h)

Eu, a/o solicitante, DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos e comprobables todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude, así como os seguintes:

* Que autorizo expresamente ao Concello Das Neves, para recadar calquera tipo de información que poida obrar no seu poder ou solicitalo a outras administracións.

Marque cun X no caso de dar o seu consentimento:

- Consente na captación da súa imaxe ou do seu representado (no caso de ser menor de 14 anos), con destino exclusivo a ilustrar a memoria e/ou resumo da propia actividade.

As Neves, a _____ de _____ de 2026

Asdo:

INFORMACIÓN BÁSICA PROTECCIÓN DE DATOS (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.E REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS INTERESE PÚBLICO E O ART. 8 LOPDGDD)- Vostede autoriza o tratamento dos datos facilitados ca finalidade da prestación de Servizos Municipais Concello das Neves. Pode ampliar información ou exercer os seus dereitos (RXPd e LOPDGDD) mediante Sede Electrónica CONCELLO DAS NEVES <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén mediante concello@asneves.gal ou no Rexistro Xeral CONCELLO DAS NEVES en Praza da Cristiandade, 1 AS NEVES (36440) (Pontevedra) e/ou presentar solicitude de acordo ao previsto no Art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Ademais pode presentar reclamacións ante AEPD, C/ Jorge Juan 6 (28001) MADRID (<https://sedeagpd.gob.es>). Autoriza a súa filla ou fillo obxecto da presente inscrición a asistir as actividades de referencia de acordo coas condicións que se establecen na convocatoria.



ANEXO II – FICHA DO MENOR PARTICIPANTE EN CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA

Datos da persoa menor participante:

NOME E APELIDOS	
DNI / NIF / NIE	
DATA NACEMENTO	
IDADE	
NECESIDADES ESPECIAIS	

* Padeceu ou padece algunha enfermidade ou discapacidade importante?

En caso afirmativo, indicar:

* Ten algún tipo de alerxia e/ou intolerancia?

En caso afirmativo, indicar:

* Atópase actualmente en tratamento?

En caso afirmativo, indicar:

*Algún outro dato de saúde que considere oportuno reseñar?

Indicar:

Contactos en caso de urxencia, avisar a:

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	



Persoas autorizadas na recollida:

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	
DNI / NIE / NIF	

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	
DNI / NIE / NIF	

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	
DNI / NIE / NIF	

Marque cun X no caso de dar o seu consentimento:

Consinte na captación da súa imaxe ou do seu representado (no caso de ser menor de 14 anos), con destino exclusivo a ilustrar a memoria e/ou resumo da propia actividade.

As Neves, a _____ de _____ de 2026

Asdo.

INFORMACIÓN BÁSICA PROTECCIÓN DE DATOS (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.E REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS INTERESE PÚBLICO E O ART. 8 LOPDGDD)- Vostede autoriza o tratamento dos datos facilitados ca finalidade da prestación de Servizos Municipais Concello das Neves. Pode ampliar información ou exercer os seus dereitos (RXPd e LOPDGDD) mediante Sede Electrónica CONCELLO DAS NEVES <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén mediante concello@asneves.gal ou no Rexistro Xeral CONCELLO DAS NEVES en Praza da Cristiandade, 1 AS NEVES (36440) (Pontevedra) e/ou presentar solicitude de acordo ao previsto no Art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Ademáis pode presentar reclamacións ante AEPD, C/ Jorge Juan 6 (28001) MADRID (<https://sedeagpd.gob.es>). Autoriza a súa filla ou fillo obxecto da presente inscrición a asistir as actividades de referencia de acordo coas condicións que se establecen na convocatoria.



ANEXO III - DECLARACIÓN XURADA

DON/A _____ con

DNI _____, domicilio en _____

_____ e teléfono de contacto:

_____, en calidade de nai/ pai das/os seguintes menores:

1º _____

2º _____

3º _____

4º _____

DECLARO,

Que estou contratada/o pola empresa _____

_____ e a miña xornada de traballo é a seguinte:

DE MAÑÁ:

DE TARDE:

E para que conste por escrito aos efectos de solicitar praza na actividade CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA do Concello Das Neves, asino o presente,

En As Neves, a _____ de _____ de 2026.

Asdo. _____

INFORMACIÓN BÁSICA PROTECCIÓN DE DATOS (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.E REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS INTERESE PÚBLICO E O ART. 8 LOPDGDD)- Vostede autoriza o tratamento dos datos facilitados ca finalidade da prestación de Servizos Municipais Concello das Neves. Pode ampliar información ou exercer os seus dereitos (RXPd e LOPDGDD) mediante Sede Electrónica CONCELLO DAS NEVES <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén mediante concello@asneves.gal ou no Rexistro Xeral CONCELLO DAS NEVES en Praza da Cristiandade, 1 AS NEVES (36440) (Pontevedra) e/ou presentar solicitude de acordo ao previsto no Art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Ademáis pode presentar reclamacións ante AEPD, C/ Jorge Juan 6 (28001) MADRID (<https://sedeagpd.gob.es>). Autoriza a súa filla ou fillo obxecto da presente inscrición a asistir as actividades de referencia de acordo coas condicións que se establecen na convocatoria.

